

ANEXO III

2021/CP/074

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: GRC 2018/41 - Grupo de Métodos Numéricos en Ingeniería (GMNI)			
Título: Axudas do Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas, Modalidade: Grupos de Referencia Competitiva, Ano: 2018 (ED431C18/41)			
CENTRO: Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos			
OBJECTO DO CONTRATO: Técnico de apoio á investigación nas tarefas do proxecto que se indica.			
LUGAR E HORARIO: E.T.S. de Enx. de Camiños, C. e P. / Horario: 16:00-20:00 de luns a venres			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado ☐		* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico administrativo ☐		Axudante administrativo ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☐	Tempo Parcial: ☒	
DURACIÓN	3,5 meses	DATA APROX. DE INICIO	16/6/2021
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1.400,00 €/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6320242901 541A 6490200			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Enxeñería, Grao o Máster
EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: UADI da E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
PAZO: 10 días desde a publicación na sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Dr. Ignasi Colominas, Dr. Xesús Nogueira, Dr. Luís Ramírez
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: A resolución publicarase no taboleiro de anuncios do centro

A Coruña, 12 de abril de 2021
O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Código Seguro De Verificación	CGvSZ2+VoBzdLK7dXkCCwg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Ignacio Colominas Ezponda			Asinado	12/04/2021 17:55:56
Observacións				Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CGvSZ2+VoBzdLK7dXkCCwg==				



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

No seo do Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñería (GMNI) está a desenvolverse unha liña de investigación de análise dinámica estrutural da cápside do virus SARS- CoV-2 co fin de obter as súas frecuencias e modos propios de vibración, e determinar as características dunha emisión de radiofrecuencia que poida provocar o seu colapso. Para o desenvolvemento desta liña de investigación é preciso contratar a un técnico de apoio á investigación, que haberá de colaborar nas tarefas de investigación que se expoñen a continuación.

Tarefas a realizar

A persoa contratada colaborará na realización das seguintes actividades: *a)* Revisión e estudo da estado da arte; *b)* Definición dun modelo estrutural discreto (a nivel atómico) da cápside do virus; *c)* Definición dun modelo estrutural discreto (a nivel atómico) das espículas do virus; *d)* Análise estrutural do modelo discreto das espículas e da cápside; *e)* Desenvolvemento e mellora das capacidades computacionais das metodoloxías de simulación numérica para a análise deste problema; *f)* Comparación de resultados entre os modelos discreto e continuo, postproceso de resultados e extracción de conclusións; e *g)* Preparación do informe final.

Duración do contrato

O tempo estimado para desenvolver os traballos descritos é de 3,5 meses. Se o desenvolvemento do proxecto o require, poderase prorrogar este contrato de acordo coa normativa vixente.

Requisitos dos candidatos:

- Estar en posesión dun título de Grao, Enxeñería ou Máster, preferentemente do ámbito da enxeñería civil ou da enxeñería de camiños, canais e portos.
- Acreditar unha experiencia mínima de 6 meses como investigador no ámbito da Mecánica Computacional, relacionada cos obxetivos e tarefas do proxecto.

Criterios de selección

- Expediente académico: no caso de estar en posesión dun grao do ámbito da enxeñería civil (Tecnoloxías da Enxeñería Civil, Enxeñería de Obras Públicas, Enxeñería Civil) ou dun título de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos (ou máster equivalente): ata un máximo de 30 puntos; outras titulacións de grao, máster ou enxeñería: ata un máximo de 10 puntos.
- Experiencia en métodos numéricos: valorarase a experiencia como bolseiro de colaboración ou contrato de investigación de concorrencia competitiva desenvolvendo actividades no ámbito da mecánica computacional relacionada cos obxetivos e tarefas especificadas nesta memoria ata un máximo de 30 puntos (4 puntos/mes). Valorarase o cursar materias relacionadas cos Métodos Numéricos con cualificación de Sobresaliente ou Matrícula de Honra en titulacións de Máster de enxeñería ata un máximo de 25 puntos.
- Entrevista persoal, no caso de empate, na que se valorará a motivación e o interese polas liñas de I+d+i do Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñería ata un máximo de 15 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	CGvSZ2+VoBzdLK7dXkCCwg==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Ignacio Colominas Ezponda			Asinado	12/04/2021 17:55:56
Observacións				Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CGvSZ2+VoBzdLK7dXkCCwg==				

